



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Andrés García Cardeso, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario - interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

**Asunto: Designación de representante municipal en órganos colexiados competencia da Alcaldía (Consellos Escolares).**

**Expte. TEDEC: 2022/G003/000019 (Decreto).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vistos que en data 26/11/2021 don Jose Andrés García Cardeso, con DNI 33247290P, presenta, con número de rexistro de entrada 20210000001721, en representación dos concelleiros dos grupos do Partido Popular e de Compromiso por Galicia no Concello da Baña, moción de censura contra o naquel momento Alcalde, don Jose Antonio Pereira Gil propondo como candidato alternativo ó mesmo a Jose Andrés García Cardeso.

Visto que en data 14/12/2021 celébrase sesión plenaria extraordinaria, de conformidade e cos requisitos marcados polo artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, resultando aprobada a moción presentada en data 26/11/2021.

Visto que o réxime de nomeamento dos representantes do Concello nos órganos colexiados municipais externos á organización da propia entidade local son competencia da Alcaldía en virtude do disposto no 32 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e dos apartados b) e s) do artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto que é vontade da Alcaldía nomear como representante do Concello da Baña ante o C.P.I. San Vicente e ante a Escola Unitaria de Lañas á Concelleira de Cultura, Educación, Muller, Igualdade e Normalización Lingüística, dona Lorena Trillo López (concellería delegada).

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro.-** Nomear como representante do Concello da Baña ante o C.P.I. San Vicente e ante a Escola Unitaria de Lañas á Concelleira de Cultura, Educación, Muller,



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

Igualdade e Normalización Lingüística, dona Lorena Trillo López (concellería delegada).

**Segundo.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello da Baña

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno o señor Alcalde, don Jose Andrés García Cardeso, do que eu secretario - interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**